

\* Vixilancia epidemiolóxica bucodental.

\* Prevención bucodental.

4.4.2. Módulos profesionais que poden ser obxecto de correspondencia coa práctica laboral.

\* Organización e xestión da área de traballo asignada na unidade ou no gabinete de hixiene bucodental.

\* Exploración bucodental.

\* Vixilancia epidemiolóxica bucodental.

\* Prevención bucodental.

\* Formación e orientación laboral.

\* Formación en centro de traballo.

4.4.3. Acceso a estudos universitarios.

\* Diplomatura universitaria de enfermaría.

\* Diplomatura universitaria de fisioterapia.

\* Diplomatura universitaria de podoloxía.

\* Diplomatura universitaria en terapia ocupacional.

4.5. Distribución horaria.

\* Os módulos profesionais deste ciclo formativo organízanse do seguinte xeito:

Horas totais	Denominación dos módulos
1º, 2º e 3º trimestre	
80	Organización e xestión da área de traballo asignada na unidade ou no gabinete de hixiene bucodental
185	Exploración bucodental
185	Prevención bucodental
160	Vixilancia epidemiolóxica bucodental
130	Educación sanitaria e promoción da saúde
55	Formación e orientación laboral
80	Proxecto integrado
4º trimestre	
440	Formación en centro de traballo

\* As horas de libre disposición do centro neste ciclo formativo son 85, que se utilizarán nos tres primeiros trimestres.

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 5 de xullo de 2005 pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2005-2006.*

O Estatuto de autonomía de Galicia establece a competencia plena desta comunidade autónoma para

o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, competencias que lle están atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos termos que figuran no artigo 2 do Decreto 114/1982, do 1 de setembro, sobre asunción de transferencias en materia educativa, e no artigo 1 do Decreto 454/2003, do 26 de decembro (DOG do 19 de xaneiro de 2004), polo que se establece a estrutura orgánica desta consellería.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, considera as ensinanzas de idiomas que se imparten nas escolas oficiais de idiomas como ensinanzas de réxime especial, sendo un dos principais obxectivos o estudo dos idiomas europeos, así como o das linguas cooficiais do Estado.

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, no seu título II regula as ensinanzas especiais de idiomas co fin de dotalos dunha maior capacidade de adaptación ás necesidades dos alumnos, primando unha mellor adecuación aos graos de aprendizaxe de idiomas establecidos nos países da Unión Europea.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, vén incrementando a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas, creadas no seu día, para atender a crecente demanda social polo coñecemento dos idiomas.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, e por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, esta consellería

*DISPÓN:*

Único.-Facer pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas a partir do curso escolar 2005-2006, segundo os datos que figuran no anexo.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorizar as direccións xerais de Persoal, Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e á de Centros e Ordenación Educativa para tomar as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Este orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Provincia	Concello	Código centro	Nome centro	Idiomas
A Coruña	A Coruña	15023132	EOI da Coruña	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Árabe Castelán Portugués Ruso
A Coruña	Ferrol	15026546	EOI de Ferrol	Alemán Francés Galego Inglés Italiano
A Coruña	Santiago de Compostela	15032194	EOI de Santiago de Compostela	Alemán Francés Galego Inglés Portugués
Lugo	Lugo	27015955	EOI de Lugo	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Portugués
Lugo	Monforte de Lemos	27016421	EOI de Monforte de Lemos	Alemán Francés Inglés Italiano
Lugo	Ribadeo	27020690	EOI de Ribadeo	Alemán Francés Inglés Italiano
Lugo	Viveiro	27020628	EOI de Viveiro	Alemán Francés Inglés Italiano
Ourense	Ourense	32016081	EOI de Ourense	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Portugués
Pontevedra	Pontevedra	36018689	EOI de Pontevedra	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Portugués
Pontevedra	Vigo	36018941	EOI de Vigo	Alemán Francés Galego Inglés Italiano Castelán Portugués

*Orde do 13 de xullo de 2005 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 14 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 22 de marzo), de axudas a asociacións de estudantes universitarios, legalmente constituídas, das universidades galegas.*

Mediante a Orde do 14 de marzo de 2005 (DOG do 22 de marzo), convocáronse e aprobáronse as bases que rexen o concurso público de axudas a asociacións de estudantes universitarios, legalmente constituídas, das universidades galegas, correspondente ao curso académico 2004-2005.

De acordo co establecido no artigo 6 das bases da convocatoria, desde o día 24 de maio ata o día 2 de xuño, expuxéronse as listas de solicitudes admitidas e excluídas, podendo durante ese mesmo prazo os interesados formular as reclamacións para emendar erros e faltas de documentos perante a Dirección Xeral de Universidades.

Rematado este prazo, as solicitudes admitidas foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido nas bases da convocatoria e atendendo á proposta elevada pola citada comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Universidades, esta consellería

*RESOLVE:*

**Artigo 1º**

Concederlles axudas ás asociacións de estudantes das universidades galegas que se relacionan no anexo I á presente orde e na contía que se especifica.

**Artigo 2º**

Denegarlles a axuda ás asociacións que se relacionan no citado anexo I da presente orde, polos motivos que no mesmo se sinalan.

**Artigo 3º**

O incumprimento total ou parcial por parte dos beneficiarios de calquera das condicións establecidas na orde de convocatoria do 14 de marzo de 2005 constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polo beneficiario ou solicitante, segundo o disposto nos artigos 4 e 19 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que